



EXPEDIENTE NÚMERO: 2021/TRIBUNAL/000021

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO (UNHA DELAS RESERVADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE XERAL) DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C1, INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020, POLA QUENDA LIBRE

Reunido o Tribunal cualificador o 29 de xullo de 2021 adoptou os seguintes acordos:

“ASUNTO: CUMPRIMENTO E EFECTOS DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA DE DATA 29/07/21 QUE ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POR DONA MERCEDES MUNAIZ ALONSO CONTRA O QUINTO EXERCICIO.

Pola secretaria do Tribunal dáse conta dos termos da resolución da Concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, de data 29/07/21, que estima parcialmente o recurso de alzada presentado por dona Mercedes Munaiz Alonso contra o quinto exercicio, no que acepta e asume integrante o informe de data 26/07/21 deste Tribunal Cualificador que se emitiu en relación ao recurso de alzada presentado o día 13/07/2021 pola antedita Sra. Munaiz Alonso. En particular, polo que interesa, como consecuencia da estimación as reclamacións formuladas no citado recurso contra as preguntas nº 16 e nº 5, acordaba a anulación das preguntas nº16 e nº 5 do quinto exercicio e requiría a este Tribunal para que efectúe unha nova valoración da quinta proba sobre 18 preguntas, mantendo o resto de criterios e acordos adoptados polo mesmo Tribunal na sesión do día 1/07/2021; corrixa novamente os exercicios das persoas aspirantes e emita os acordos que procedan como consecuencia do anterior, entre os que poden estar a proposta de nomeamento, os cales deberanse publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello para xeral coñecemento e efectos.

En cumprimento do requirido pola Concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura na antedita resolución de data 29/07/21, este Tribunal acorda:

Valorar de novo o quinto exercicio sobre as 18 preguntas, que se manteñen como correctas, conforme co resto de criterios e acordos adoptados polo Tribunal na sesión do día 1/07/2021, e corrixis novamente os exercicios das persoas aspirantes.

En consecuencia co anterior, as persoas aspirantes obtiveron as seguintes puntuacións do quinto exercicio:

Quenda libre xeral (dúas prazas)

NOME E APELIDOS	NOTAS
NOELIA NEILA ROUCO	3,889
MERCEDES MUNAIZ ALONSO	2,500

Polo tanto, ambas aspirantes superan este exercicio, conforme as valoracións indicadas, ao obter unha puntuación superior a mínima requirida.

A puntuación final e relación de aprobados no proceso selectivo convocado para a provisión de tres prazas de administrativo (unha delas reservada para persoas con discapacidade xeral) da escala da administración xeral, grupo c, subgrupo c1, incluídas na ampliación a oferta de emprego público do ano 2020, pola quenda libre, aplicando a base 14ª das bases xerais, é a seguinte:

NOME E APELIDOS	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO	QUINTO	TOTAL
NOELIA NEILA ROUCO	6,333	9,100	2,985	6,300	3,889	28,607
MERCEDES MUNAIZ ALONSO	7,667	7,40	2,985	5,250	2,500	25,802

Como o número de aspirantes aprobadas en todos os exercicios é inferior ao número de prazas, procede propoñer a ambas para ser nomeadas como funcionarias de carreira para ocupar dúas prazas de administrativo da escala da administración xeral, pola quenda libre, da ampliación da OEP 2020.

En consecuencia, o Tribunal modifica a proposta de nomeamento efectuada en data 2/07/21, mantendo a proposta de nomeamento de dona Noelia Neila Rouco para ocupar unha praza de administrativo da escala da administración xeral, pola quenda libre, da ampliación da OEP 2020, e elevar á Sra. Concelleira a proposta de nomeamento de **dona Mercedes Munaiz Alonso** para ocupar unha praza de administrativo da escala da administración xeral, pola quenda libre, da ampliación da OEP 2020.

Así mesmo, modifica a proposta de declaración de prazas desertas deste proceso selectivo, no senso de que como se cobren dúas, só se declare deserta a cobertura da praza de administrativo reservada para persoas con discapacidade xeral, das prazas convocadas para a provisión de tres prazas de administrativo (unha delas reservada para persoas con discapacidade xeral) da escala da administración xeral, grupo c, subgrupo c1, incluídas na ampliación a oferta de emprego público do ano 2020, pola quenda libre.



PUBLICACIÓN DO RESULTADO E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.- O Tribunal cualificador dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra a relación das aspirantes que superaron o quinto exercicio coa cualificación definitiva do proceso e modificación da proposta de nomeamento, requirindo a **dona Mercedes Munaiz Alonso** para que, no prazo de 20 días naturais, presenten a documentación esixida nas bases da convocatoria, segundo o disposto na 16ª das bases xerais.

RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, como son a asignación de puntuacións, a declaración de non aptos nos exercicios ou as propostas de nomeamentos, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira delegada do servizo de persoal e cultura), no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente e este o sexa consonte a dereito.”

A Secretaria do Tribunal, en Pontevedra na data da sinatura electrónica

